



MÁIS DE 450.000 PERSOAS BENEFICIÁRONSE DURANTE O 2012 DO TRABALLO DAS ONG GALEGAS DE ACCIÓN SOCIAL

O estudo “Quen somos”, realizado en base á información facilitada polas 125 ONG integradas na Rede Galega contra a Pobreza, reflicte por primeira vez a actuación do Terceiro Sector de Acción Social galego.

Presentarase o 3 e 4 de outubro no III Foro sobre Pobreza, Exclusión Social, Terceiro Sector e Voluntariado, que baixo o lema “Un investimento, non un gasto”, organizan EAPN Galicia, a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento e o CERMI Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2013

O traballo das 125 ONG galegas de acción social integradas na Rede Galega contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia) beneficiou durante o ano 2012 a **453.534 persoas, 133.169 de xeito directo e 320.365 indirectamente.**

5.492 persoas, como contratadas (1.188) ou como voluntarias (4.304), traballaron para tratar de paliar a situación de pobreza e exclusión social na que se atopaban, a finais do 2011, 662.515 galegos e galegas (datos AROPE Unión Europea).

Estes e outros datos forman parte do estudo “**Quen somos**”, que EAPN Galicia vén de realizar durante os últimos meses coa información facilitada polas súas entidades membro, e no que por primeira vez se reflicte o volume das actuacións e o impacto do Terceiro Sector de Acción Social galego.

III Foro sobre Pobreza, Exclusión Social, Terceiro Sector e Voluntariado: “Un investimento, non un gasto”.

O informe completo presentarase durante este Foro que se celebrará na **Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago o 3 e 4 de outubro** de 2013.

Ante o avance da desigualdade e a exclusión, no Foro preténdese tratar o concepto de pobreza eliminando fronteiras, aínda que o groso sexa para analizar a realidade galega ou española.

Contará coa presenza de máis de 30 especialistas en servizos sociais e loita contra a pobreza e a exclusión (axúntase programa detallado), está dirixido a persoas traballadoras ou voluntarias de entidades de acción social, sindicatos, investigadores, asociacións profesionais e comunidade universitaria, así como a responsables ou persoal técnico das administracións galegas do eido dos servizos sociais e a inclusión activa.



O Foro terá **tres eixos condutores**:

- Debater os retos dos actores implicados na loita pola inclusión social, máxime cando está a punto de aprobarse a nova Lei de Inclusión: as medidas de emerxencia como medio e non como fin, o avance do asistencialismo fronte á perda de dereitos ou o papel das organizacións do Terceiro Sector na prestación de servizos públicos.
- Analizar a situación do Terceiro Sector como actor social cara dentro e cara fóra, analizando os problemas e retos que lle afectan e o xeito de afrontar con garantías a súa necesaria reconversión para aumentar a eficacia na loita contra a pobreza e a exclusión social.
- Identificar alternativas no eido da organización interna e as fusións e alianzas entre ONG, nas posibilidades de crear empresas dende organizacións sociais, ou nas alternativas xa viables para unha economía centrada nas persoas.

Organizado por vez primeira polas tres principais federacións de ONG galegas (EAPN Galicia, Coordinadora Galega ONGD e CERMI Galicia) conta co apoio do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad e da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (D.X. de Xuventude e Voluntariado e D.X. de Familia e Inclusión).

Será inaugurado o 3 de outubro as 11h pola Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato.

A **información para a inscrición**, aberta ata o 2 de outubro, así como o detalle do programa e a documentación do curso, está dispoñible na web www.eapn-galicia.com ou de xeito personalizado no correo info@eapn-galicia.com .

#pobrezagalicia

Información para medios

EAPN Galicia: www.eapn-galicia.com
Mónica Permuy / Carlos Rosón / Antonio Hernández / Xosé Cuns
Tel.881 957 284 / 698 127 110 / 654 600 017

Coordinadora Galega ONGD: www.galiciasolidaria.org
Gema Filgueira
Tel. 981 58 51 89 - 618 626 627

CERMI Galicia
Anxo Queiruga
Tel. 981 20 69 00 (Ext.2804)